

PREINSCRICIÓN PARA A MATRÍCULA DE MATERIAS OPTATIVAS

Por ter limitado o número de prazas, para poder matricularse das materias optativas que se imparten neste centro, o estudiantado debe realizar unha preinscripción antes de que se abra o prazo de matrícula nas ensinanzas de grao para cada curso académico.

O prazo ordinario de preinscripción adoita ser no mes de xullo e as datas son publicadas na páxina web do centro e no taboleiro de anuncios da Secretaría de alumnado.

A solicitude de preinscripción consiste en cumplimentar un formulario na [Secretaría virtual de estudiante](#) (SVE) no apartado correspondente a '*Preinscripción Optativas*' no que se ten que indicar:

- O número de créditos optativos que a persoa interesada quera matricular (mínimo 6, que correspondería á unha materia optativa e máximo 36, que corresponde ao número de créditos optativos necesarios para obter o título).
- A orde de preferencia de todas as materias optativas, independentemente do número que se quera matricular, por se non se obtén praza na/s preferida/s.

O estudiantado que por non ter superado algunha materia optativa en cursos anteriores, quera volver a cursala, non precisa facer a preinscripción desa materia para volver a matricularse dela.

Criterios para asignar as prazas das materias optativas do Grao en RRLL e RRHH:

- 1º Número de créditos superados na data final de recepción das actas da 1º edición do 2º cuatrimestre.
- 2º Nota media en base 10 calculada na data final de recepción das actas da 1º edición do 2º cuatrimestre.
- 3º Número de matrículas de honra, sobresaíntes, notables e aprobados.

Criterios para asignar as prazas das materias optativas do Grao en Dereito:

- 1º Ter superados todos os créditos da titulación (para o alumnado que non puidese optar anteriormente á obtención do título coa Mención da súa preferencia).
- 2º Número de créditos superados na data final de recepción das actas da 1º edición do 2º cuatrimestre.
- 3º Nota media en base 10 calculada na data final de recepción das actas da 1º edición do 2º cuatrimestre.
- 4º Número de matrículas de honra, sobresaíntes, notables e aprobados.

Resolución das materias optativas asignadas

O proceso resloverase no prazo de 10 días despois de pechado o prazo de preinscripción e o estudiantado poderá coñecer as materias optativas que lle foron asignadas no mesmo apartado da Secretaría Virtual onde realizou a preinscripción ou no taboleiro de anuncios da Secretaría de alumnado, onde se publicará a listaxe de resolución do proceso.

Matrícula

O estudiantado que obteña praza nalgúnha materia optativa, se a quiere cursar, deberá despois incluíla co resto de materias na súa matrícula no prazo que estableza a Convocatoria de matrícula nas ensinanzas de grao.

Prazas vacantes

Abrirase outro prazo de preinscripción para materias optativas con prazas vacantes antes de cada un dos períodos para modificación da matrícula que estableza a Convocatoria de matrícula nas ensinanzas de grao.